



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

CONSIDERACIÓNS DA CIG-ENSINO SOBRE O “DOCUMENTO PARA DEBATE CON 24 PROPOSTAS PARA A MELLORA DA PROFESIÓN DOCENTE” PRESENTADO POLO MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FP.

O pasado 27 de xaneiro, o MEFP publicou un documento cunha serie de propostas para iniciar o debate sobre reformas a establecer no marco da profesión docente, desde a formación inicial e o acceso á profesión e o seu desenvolvemento pasando pola formación permanente e uns apuntes sen maior nivel de concreción sobre as especialidades docentes.

Na propia reunión da Mesa Docente na que se nos presentou o documento, a CIG-Ensino xa adiantou unha serie de cuestións de partida que o sindicato maioritario en Galiza considera centrais: a necesidade de articular medidas para mellorar as condicións de traballo do profesorado e a calidade do sistema educativo, o respecto ao ámbito galego de negociación e a fixación dun calendario e unha metodoloxía de negociación claros, pactados entre o MEFP e as organizacións sindicais.

Cuestións básicas que propón a CIG-Ensino

- Coñecer canto antes as intencións do Ministerio sobre a adaptación ao profesorado interino da nova reforma do EBEP (limitacións na contratación) e defensa das competencias exclusivas nesta materia das CC.AA.
- A mellora das condicións de traballo de todo o profesorado: horarios lectivos, ratios, materias afíns, burocracia, coordinación docente,...
- Corpo único docente vinculado ao grupo A1, con todas as medidas necesarias para non excluír a ninguén pola súa titulación de acceso.
- Carreira profesional que permita a progresión e mellora dentro da mesma etapa educativa na que se traballa.
- Mellora da oferta de Graos e Mestrados nas universidades públicas, tanto na cantidade de prazas como na adecuación da oferta ás necesidades de formación do futuro profesorado.
- Posición contraria ao carácter dual do Practicum dos Graos e Mestrados se este se considera como a FP Dual. As prácticas deben ser eminentemente formativas e non deben ser usadas para incidir na precariedade de quen traballa na docencia.

- Os cambios no sistema de acceso á función pública a partir de 2025 deben respectar e reforzar o concurso no conxunto do proceso selectivo. Na fase de oposición deben ter un maior peso as capacidades e destrezas docentes, evitando que siga sendo a competencia científica a que prime e reforzando a obxectividade nas probas, ampliando en todas as fases que sexa posíbel o anonimato das persoas aspirantes.
- A revisión das especialidades docentes debe facerse para mellorar as condicións do noso traballo e non para converter o concepto da “flexibilidade” na excusa para solucionar problemas da administración e empeorar a función docente.
- Calquera norma que se aprobe a nivel estatal (desde os horarios lectivos ás atribucións docentes) debe ter un carácter de mínimos, evitando limitar aínda máis a capacidade das administracións autonómicas e da negociación colectiva dos sindicatos nas nosas Mesas de negociación.
- A avaliación do profesorado debe partir da realidade na que desempeñamos o noso traballo, polo que o primeiro elemento a avaliar é a propia administración. A formación permanente debe ter un papel destacado neste ámbito.
- O final da carreira profesional debe ser para todo o profesorado en pé de igualdade, superando os efectos profundamente negativos e discriminatorios das reformas das pensións pactadas polo Goberno español, CCOO e UGT: defendemos a xubilación anticipada coas normas actuais de clases pasivas.

Do que non se fala nas propostas do Ministerio

No documento non hai ningunha referencia á adaptación ao profesorado interino da disposición final segunda do Real Decreto-Lei 14/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (vixente tras a publicación da Lei 20/2021). O prazo para fixar esa adaptación, que afecta aos artigos 10 e 11 e á disposición adicional 17ª, remata o 7 de xullo deste 2022. Para a CIG-Ensino todo o relacionado co persoal docente interino debe ser competencia exclusiva das Comunidades Autónomas, mais nada sabemos neste momento das intencións do Ministerio de Educación ao respecto e non figura ningunha consideración no documento coas 24 propostas.

No texto ministerial non aparece en ningún momento ningunha proposta relacionada coa mellora das condicións na que o profesorado desempeña as súas funcións. Cuestións como o establecemento dunha carga lectiva máxima, a redución das ratios, a determinación de regular un marco básico de ámbitos académicos para fixar as materias afíns que se poderán impartir, a redución da burocracia ou o reforzo da coordinación docente, non aparecen por ningures.

Despois da decisión adoptada na LOMLOE de integrar no corpo de PES o profesorado do corpo de PTFP, queda claro o que era xa unha evidencia: non existen a día de hoxe motivos para continuar negando a posibilidade de camiñar

cara o corpo único docente, incluído no grupo funcional A1. Partindo desta premisa de partida, podería regularse unha carreira horizontal que permita a progresión dentro da mesma etapa educativa, máis alá da necesidade de fixar cambios nas normas para a promoción interna para traballar noutras etapas educativas.

A formación inicial do futuro profesorado

A CIG-Ensino non está de acordo co enfoque que o MEFP dá a todo o relacionado coa formación inicial e o acceso aos estudos universitarios para os e as futuras docentes. Existindo unha proba xeral de acceso á universidade non consideramos procedente unha segunda proba. Desde logo, pareceríanos igualmente un retroceso volver a un sistema en paralelo como o que existiu até os anos 80, no que o estudantado podía realizar unicamente a proba de acceso a Maxisterio sen ter que realizar a antiga selectividade. Presupoñer que unha proba específica cos aspectos que se enumeran no documentos vai redundar nunha mellora na formación inicial do futuro profesorado non nos parece realista nin correcto. É máis, afírmase que nesa proba se deben incorporar aspectos recollidos no “marco de competencias profesionais docentes”, o que nos parece fóra de lugar dado que esas competencias nunca deben ser un requisito senón, en todo caso, o resultado da súa formación universitaria. Esta mesma consideración facémola extensiva ao acceso ao Mestrado en Formación do Profesorado. Os cambios que pode necesitar a formación inicial non parten, ao noso ver, de fixar probas de acceso, senón de reformar e mellorar os plans de estudos e a formación, tanto dos graos como dos Mestrados.

As consideracións que fai o Ministerio sobre a introdución de materias ligadas á docencia nos Graos poderían ser unha medida positiva mais entendemos que de moi difícil aplicación. En todo caso, require dunha reflexión e debate de fondo calado polas implicacións nuns plans de estudos universitarios xa moi comprimidos e que suporían, na práctica, un cambio con carácter xeral en todas as titulacións, xa que non sería de recibo que se incorporasen nunhas e noutras non, e teñamos presente (como a experiencia evidencia) que hoxe en día o acceso á docencia faise desde moi diferentes titulacións. O propio mapa de titulacións dificulta enormemente unha regulamentación común.

Existe hoxe en día un claro déficit con carácter xeral da oferta de Mestrados en Formación do Profesorado que, na súa parte expositiva, se analiza correctamente no documento do Ministerio. Porén, non se apunta, baixo o noso punto de vista, na formulación correcta para atallar ese problema. Mesmo se fan algunhas afirmacións que poden implicar unha aposta por reducir a oferta nas facultades de CC. da Educación, cando se indica que existe un elevado número de persoas egresadas e se compara esta cifra coas xubilacións docentes. Desde a CIG-Ensino consideramos que non se debe reducir a oferta de Graos de Infantil e Primaria nas universidades públicas e que se debe potenciar a

oferta de Mestrados, a todas luces insuficiente: é totalmente inxustificábel que hoxe exista unha oferta superior nas universidades privadas (54%) que nas públicas, o que confirma o que desde a CIG-Ensino vimos denunciando desde hai anos: as administracións permiten que o estudiantado fiquen fóra da universidade pública e obríganos, se teñen recursos económicos, a caer no negocio das “universidades” -en moitos casos “chiringuitos”, nas propias palabras do ministro de Universidades-.

Estamos totalmente en desacordo coa formulación dunha formación dual, se como tal se entende unha réplica da dualidade implantada na Formación Profesional. A fase práctica, tanto dos Graos como dos Mestrados, debe ser formativa, cun papel relevante do profesorado titor, que máis alá do recoñecemento profesional, debe ter unha parte do seu horario dedicado á formación do estudiantado, permitindo deste xeito un acompañamento e titorización adecuados. Con todo, a formación non pode ser só aplicada e debe ter unha compoñente formativa sobre o proceso de ensino aprendizaxe que sirva de referente e marco teórico para a función docente: ademais do “como” e o “que” é preciso formarse no “porqué” da acción educativa e do papel que o profesorado debe desempeñar.

O acceso á profesión docente

Tendo en conta a coincidencia na afirmación que se fai sobre a necesidade de redefinir o sistema de acceso para que non se demostre só a competencia científica disciplinar senón tamén os coñecementos, destrezas e actitudes referidas á función docente, consideramos que un novo sistema debe partir dunha negociación con suficiente antelación se o que se pretende é que poida entrar en vigor a partir do 2025, tanto polos temarios como polo formato do sistema de selección, que necesariamente debe seguir sendo o do concurso oposición e no que se teñen que introducir melloras que leven, tamén, a que a fase de concurso cumpra o papel que a propia Lei determina.

Canto á fase práctica do proceso selectivo existe un elemento fundamental que, de non se atender, deixará todo como está: o reforzo do papel de titorización do profesorado, que non se debe limitar á propia fase práctica senón que debe arrancar, como indicamos, na propia formación inicial a través do Practicum dos Graos e Mestrados. Debe regularse, así mesmo, a exención da fase práctica naqueles casos nos que exista un período, a fixar na normativa de ingreso na función docente, de experiencia profesional no ensino público.

Especialidades docentes

Consideramos axeitado que se introduzan modificacións nas especialidades docentes para poder superar algúns dos problemas e discriminacións que agora se nos presentan: que o profesorado de PT e AL sexa recoñecido a todos

os efectos, tamén retributivos, cando imparte docencia na ESO ou que Orientación se recoñeza como unha especialidade máis do corpo de mestres.

Cada vez que un goberno fala de organización flexíbel do seu persoal soe ser para beneficiar as necesidades da administración e non para mellorar a profesión docente. A adscrición de especialidades a diferentes ámbitos pode ser positiva de cara á posíbel organización da docencia mais tamén debe servir para limitar a determinación de afinidades nas materias e áreas a impartir.

Ao respecto das habilitacións docentes para impartir determinadas funcións (perfil bilingüe, EPAPU, Centros Penitenciarios etc) consideramos que isto lle corresponde ás diferentes administracións educativas e non se debe ser fixado con carácter básico polo Ministerio.

Avaliación do desempeño da función docente

A primeira condición que debe contar toda avaliación é a resposta a unha cuestión previa: en que condicións realizamos o noso traballo e en que medida estas condicionan as diferenzas de partida á hora de traballar? Quen e que avalía e para que? Vai ser tamén avaliada a administración educativa? Defendemos considerar a formación permanente como un elemento esencial da nosa carreira profesional, tamén a efectos da avaliación desta.

O final da carreira profesional: unha xubilación con dereitos para todos e todas

A decisión de extinguir o réxime de clases pasivas desde xaneiro de 2011 e, por tanto, aplicar a todo o profesorado de novo ingreso así como ao persoal interino, as normas do réxime xeral da Seguridade Social, coa aplicación da reforma das pensións pactada no ao 2011 polo goberno e os sindicatos CCOO e UGT supón unha discriminación que para a CIG-Ensino nunca se tiña que ter producido. Estender a vida laboral na docencia até os 67 anos, como vai acontecer na maioría dos casos, impedindo o acceso á xubilación anticipada, é o efecto dese pacto sindical. A CIG-Ensino considera que todo o profesorado debe ter dereito á xubilación anticipada nas condicións que hoxe existen para clases pasivas.

11 de febreiro de 2022.